

NOTA DE PRENSA

O Museo Casa da Troia, agora pechado por obras, recibiu un milleiro de visitantes

Abriu do 14 de xullo ao 16 de agosto cun fluxo similar ao do 2010

Os andaluces superaron aos madrileños por primeira vez

Os franceses lideran con diferenza o rexistro internacional

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2011 (Vía Láctea Comunicación).- O Museo Casa da Troia obtivo un balance “moi satisfactorio” das visitas que recibiu en pouco máis dun mes, entre o 14 de xullo e o 16 de agosto, xa que agora permanece pechado debido a obras de mantemento do edificio que realiza o Consorcio de Santiago. O saldo anticipado de verán rexistra un total de 1.058 visitas: 853 de España e 205 de todo o mundo. Ademais, vendéronse corenta e un exemplares da novela de Alejandro Pérez Lugín que recrea a vida universitaria de Compostela a finais do s. XIX, así como outros produtos alusivos.

O responsable do museo, Benigno Amor (presidente da Asociación de Antigos Tunos Composteláns), valora positivamente este período: “Estamos moi satisfeitos con estes resultados, xa que rompimos a barreira dos 850 visitantes mensuais que tivemos de media no ano 2010. Esperamos poder reabrir as portas ao longo do mes de outubro, ao remate das obras de reforma, mantendo as visitas dramatizadas e realizando novas actividades para os composteláns e visitantes”.

Afondando na estatística, cómpre destacar que os andaluces superaron aos madrileños, que normalmente son os que máis visitan o inmobile troiano tralos galegos: Galicia aportou o 29% das visitas, Andalucía o 16, Madrid o 12, e Valencia e Cataluña o 8 respectivamente; se ben houbo xente de case todas as autonomías de España. Por outra parte, tamén é significativa a orixe estranxeira dos turistas que pasan pola Casa da Troia, xa que veñen de todas as partes do mundo, cun claro predominio europeo: Francia aportou o 26% dos visitantes internacionais, Portugal o 13, Alemaña o 12, Italia o 10, Reino Unido e Bélxica o 7 e Holanda o 5. Aquí tamén cómpre suliñar a presenza de europeos de case todos os países, así como unha cantidade proporcionalmente relevante de estadounidenses, seguidos a distancia por canadenses e mexicanos.

No pasado ano xubilar de 2010 e durante os cinco meses que estivo aberto, o museo rexistrou máis de catro mil visitas, preto de 2.000 entre o 15 de xullo, data da súa reapertura, e o 31 de agosto. Os visitantes procedían de 34 países de Europa, América, Asia e África. Dos visitantes nacionais, un terzo eran galegos, seguidos dos madrileños, andaluces e cataláns.

O Museo Casa da Troia dispón dende principios de verán de páxina web, www.lacasadelatroya.org, a través da que se pode facer un percorrido pola historia do edificio, dende a antiga hospedaría de universitarios ata o museo actual. Tamén hai un espazo dedicado á novela e ás películas homónimas.

Máis información: Benigno Amor_661 651 235